

BBVA rebaixa as condicións nas prexubilacións

Soubemos que o banco decidiu endurecer as condicións das prexubilacións, e o coñecemos, non porque o banco nolo comunicase, senón porque os traballadores e traballadoras aos que se lles fixo a oferta, nos transmitiron inmediatamente as novas condicións, á baixa, con respecto ás condicións ofrecidas ata agora.

Esta nova quita, complementaria á sufrida por todo o equipo na absorción de parte do CVP e a retribución variable de 2013, vai entre 5 e 10 puntos porcentuais, en función da idade de prexubilación. Sobre a base dos casos ofertados, facilitámosvos un cadro coas condicións que parece ser van a aplicarse en materia de prexubilacións a partir este momento, a todo o colectivo BBVA, pertencen á Rede, Territoriales ou SSCC,

Idade	Agora (a partires de 2014) % Salario sobre 30000€	Antes (ata 2013) % Salario sobre 30000€	Quita
Ata 53 anos	--	88	---
Ata 54 anos	--	90	---
Ata 55 anos	82	92	-10
Ata 56 anos	85	94	-9
Ata 57 anos	88	96	-8
Ata 58 anos	91	98	-7
Ata 59 anos	94	100	-6
Ata 60 anos	95	100	-5
> de 60 anos	95	100	-5

Estas novas porcentaxes aplicaranse nos primeiros 30.000 €, manténdose a aplicación do 80% sobre o resto de conceptos salariais que superen esa cifra.

De inmediato, puxémonos en contacto con **RRLL** para pedir información sobre este tema, solicitando unha reunión, para que nos dean as explicacións oportunas, xustificándoo pola situación de axuste de custos que está a levar a cabo o Banco.

Dende **CCOO** denunciámos os recortes salariais (**DOR**, **CVP**) e agora no cálculo das condicións económicas das prexubilacións, en contraste coas retribucións variables que se van repartir Conselleiros Executivos e Alta Dirección e que pode supoñer ata o 200% da retribución fixa, en contra das recomendacións da Directiva Europea nesta materia.

Emprazamos a **BBVA** a abrir un proceso de negociación en materia de prexubilacións, que dea garantía e estabilidade ás condicións ofertadas, e que supoña un verdadeiro recoñecemento ao labor e entrega desempeñada polo equipo, ao longo de toda unha vida laboral.

CCOO poñémonos a disposición dos compañeiros e compañeiras que reciban unha proposta de prexubilación, para verificar os cálculos feitos polo banco, así como o asesoramento oportuno que necesiten, garantíndolles a mellor opción aos seus intereses.

Seguimos Traballando, Seguiremos informando.

Marzo 2014